



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 715 Semana do 30 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2107

A PRECARIZACIÓN CHEGA TAMÉN AOS CONTRATOS INDEFINIDOS, O 34 POR CENTO XA SON A TEMPO PARCIAL E MEDRAN OS FIXOS DISCONTINUOS NUN 32 POR CENTO

UGT-GALICIA ALERTA DO AVANCE IMPARABLE DA PRECARIEDADE TANTO NO EMPREGO COMO NO DESEMPREGO

A forte saída de traballadores do mercado laboral do sector servizos tras o Nadal evidencia a estacionalidade do emprego que se crea

Redacción.- Dende UGT-Galicia, e ante os datos do paro feitos públicos este xoves, alértase do carácter estacional de boa parte do emprego creado e do avance imparabile da precariedade, tanto no emprego como no desemprego, así como, da extensión do paro de longa duración e o descenso continuado da cobertura por desemprego. Para o Sindicato, urxe frear esta precarización xeneralizada e recuperar os dereitos dos traballadores, para o cal, hai que derrogar na súa totalidade as reformas laborais, que só conseguiron precarizar aínda máis as condicións laborais.

Galicia remata o mes de xaneiro con 212.078 persoas en situación de desemprego, medrando o 2,99 por cento con respecto ao mes anterior, 6.164 desempregados máis. Unha evolución máis desfavorable que no resto do Estado onde o crecemento foi do 1,55 por cento.

En relación a hai un ano, o paro baixa nun 10,3 por cento, con 24.369 desempregados menos.

Os máis mozos e as mulleres, os máis prexudicados

De novo, o mercado laboral amosa as desigualdades entre homes e mulleres. Así, o desemprego medra entre as mulleres nun 3,5 por cento, fronte ao 2,4 por cento dos homes. Por mor desta evolución, as mulleres seguen a ter maior peso no desemprego, acadando unha porcentaxe do 54,4 por cento do total. O mesmo comportamento dáse en termos interanuais, o paro baixa nun 12,3 por cento entre os homes e un 8,6 por cento entre as mulleres.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o paro medra un 3,61 por cento no mes. Sen embargo, no ano a caída do desemprego é moito máis acusada que no resto de idades, dun 17,81 por cento. As razóns que explican esta forte baixada están na saída de efectivos da Comunidade e na falta

dun relevo xeneracional claro.

Neste senso, en relación co desemprego e os máis mozos, UGT-Galicia denuncia que o Goberno segue sen activar o diálogo social para rescatar do fracaso o Plan de garantía xuvenil e o Programa de activación para o emprego. Neste último caso, urxe unha revisión dos criterios de acceso con fin de mellorar a cobertura, xa que só se teñen executado 125 millóns dos 350 orzamentados para o 2016. Ademais, neste contexto tamén é necesaria unha mellora dos servizos públicos de emprego, dotándoos de máis recursos técnicos e humanos que corrixan os recortes aos que foron sometidos neste últimos anos.

A análise realizada por sectores reflicte que, tras o remate da campaña de Nadal e do groso das rebaixas, o paro medra no sector servizos nun 4,9 por cento, 6.465 desempregados máis. Isto evidencia a estacionalidade e temporalidade do mercado laboral galego.

O paro tamén medra no sector da construción nun 0,63 por cento, con menor contundencia porque o gran incremento xa se deu en decembro; e no colectivo de sen emprego anterior o incremento foi tamén dun 0,64 por cento. No ano o desemprego diminúe en todos os sectores.

En canto á contratación, no mes rexistráronse un total de 69.894 contratos, o que evidencia os altos índices de rotación que existen no mercado laboral galego, xa que o número de asalariados non supera os 825.000. No mes baixa máis a contratación temporal polo fin da temporada do Nadal, cae nun 4,63 por cento. Pola contra, medran os indefinidos nun 27,1 por cento. Aínda que este dato non debe ocultar a realidade, a porcentaxe de contratación indefinida sobre o total é tan só do 9,7 por cento.

Afondando máis nisto, obsérvase, analizando os datos ao peche do ano 2016, que



a contratación indefinida tamén é cada vez máis precaria. De todos os contratos indefinidos rexistrados no 2016, o 34 por cento foron a tempo parcial. Se a contratación indefinida inicial a tempo completo medrou no 2016 nun 1,6 por cento, a contratación indefinida a tempo parcial o fixo nun 4,3 por cento. Pero é que a contratación fixa discontinua creceu o ano pasado nun elevadísimo 32 por cento.

Daquí dedúcese a cada vez máis evidente precarización do mercado laboral pero tamén no relativo aos contratos indefinidos.

Hai 104.111 desempregados en Galicia sen percibir prestacións

No referente ás coberturas dos desempregados, estas cada vez son menos e tamén máis precarias. Do total das persoas en situación de desemprego que había en Galicia no mes de decembro (último dato dispoñible), tan só 101.803 cobraban prestación, quedando 104.111 persoas en paro sen ningún tipo de cobertura. Así, a taxa de cobertura está no 53,7 por cento, moi por debaixo do 56,6 por cento do resto do Estado.

Pero é que o carácter contributivo desta prestación tamén está en mínimos, no 43,7 por cento. O que implica que cada mes que pasa as prestacións son máis baixas na súa contía.

Xa para rematar esta análise, apuntar que a media de afiliados á Seguridade Social é en Galicia de 950.747 afiliados cotizantes, baixando en 12.988.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS GALEGOS “POLA RECUPERACIÓN DOS DEREITOS ROUBADOS”

Redacción.- Centos de delegados mobilizáronse este martes en A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo fronte ás catro sedes provinciais da Xunta para reclamar a “recuperación dos dereitos roubados”.

Estas concentracións encádranse dentro da campaña de mobilizacións (Servizos públicos: recuperación dos dereitos roubados) xa iniciada a semana pasada cunha concentración diante do Parlamento, acto que se repetirá de novo o luns día 6 a partir das 10.00 horas.

Dende FeSP denuncian que, segundo a Xunta, este sería o ano da recuperación. Tras máis de oito anos de recortes de dereitos, rebaixas salariais, destrución de emprego e privatización de servizos, o certo é que os Orzamentos para o 2017 son máis do mesmo. UGT considera que neste contexto chegou a hora de recuperar os dereitos roubados.

Para o Sindicato, as contas públicas do Goberno galego para o ano 2017 deberían atender á eliminación da taxa de reposición; á convocatoria de ofertas excepcionais de emprego en sanidade, ensino, administración xeral e laborais; e á recuperación efectiva do poder adquisitivo.

Os traballadores da función pública galega tamén demandan a aplicación, na súa totalidade, do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta; que se convoquen concursos de traslados de xeito sistemático e continuo en toda a Administración autonómica; a recuperación dos acordos e pactos suspendidos; así como, a recuperación dos dereitos suspendidos, como IT, acción social ou dereitos sindicais; e un estudo da repercusión das sentenzas do TXUE sobre o traballo de duración determinada e a aplicación das mesmas.



Os traballadores da sanidade pública galega demandan a recuperación dos acordos conxelados dende o ano 2010

Redacción.- Tamén dentro da campaña “Servizos públicos: recuperación dos dereitos roubados”, este mércores centos de delegados e traballadores do Sergas concentráronse diante da Consellería de Sanidade para demandar a recuperación dos dereitos perdidos nestes últimos anos.

Lembraron que existe un Acordo retributivo e de condicións de traballo 2008-2012 que tiña como un dos seus principais obxectivos situar as retribucións no ano 2012, ao final do acordo, na media retributiva do conxunto das comunidades autónomas. Executouse a parte correspondente aos anos 2008 e 2009 pero no 2010 suspendéronse unilateralmente, por parte da Xunta, os incrementos ligados ao 2010, 2011 e 2012, deixando así aos traballadores do Sergas por debaixo da media retributiva do resto das comunidades autónomas. Outro punto forte do acordo, e que quedou no aire, era que se pasaba a ter en conta as condicións de traballo ligadas á penosidade.

Nun escenario de mellora económica



non se entende que se negue un calendario de recuperación dos dereitos perdidos.

Tamén se lle recrimina ao Goberno da Xunta a súa negativa a sentarse e negociar todo o relativo á carreira profesional. Algo que xa están a facer a maioría das comunidades autónomas, comezando a asinar acordos neste senso. Os sindicatos tamén denuncian o trato discriminatorio que se está a dar aos traballadores do Sergas no relativo á IT en relación co resto dos traballadores da función pública.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de **UGT** ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

APROBADA POLO CONGRESO A TRAMITACIÓN DA PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS

Impulsada polos sindicatos con máis de 700.000 firmas

Redacción.- O Congreso dos Deputados aprobou a toma en consideración da Iniciativa Lexislativa Popular para a Prestación de Ingresos Mínimos por 176 votos, fronte a 163. Iníciase así a tramitación parlamentaria da norma que impulsaron as organizacións sindicais con 700.000 firmas e que foi apoiada pola maioría dos parlamentarios

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, previo á votación e durante o debate parlamentario, afirmou que "saímos do Congreso dos Deputados satisfeitos porque, a tenor do que escoitamos, a Iniciativa Lexislativa Popular para unha Prestación de Ingresos Mínimos, vai saír adiante. E esta é unha das cuestións que máis nos preocupa e, sobre todo, que máis preocupa ás cidadás e cidadáns". Trátase de establecer un mínimo para paliar a situación de "absoluta miseria" que viven centenas de miles de familias no noso país e millóns de persoas.

Álvarez fixo estas declaracións tras asistir á sesión plenaria do Congreso dos Deputados que tomará en consideración a "proposición de lei de Iniciativa Popular para establecer unha Prestación de Ingresos Mínimos no ámbito de protección da Seguridade Social".

O secretario xeral de UGT manifestou que os argumentos en contra, sobre que hai problemas económicos e orzamentarios, "caen por si sós", porque non é posible que haxa diñeiro para rescatar á banca

ou se gasten 5.000 millóns para rescatar ás autoestradas radiais, pero non a persoas que non poden facer tres comidas ao día.

Neste sentido, afirmou que "faltou sensibilidade", tanto no discurso do PP como no de Cidadáns, porque esta cuestión vai máis aló da política, non pertence a ningún partido, nin ao PSOE, nin a Podemos, nin a ninguén. Foi presentada polos sindicatos pero conta co respaldo de 700.000 persoas, que "merecen un respecto".

Así mesmo, cualificou de "cínica" a postura de Cidadáns que, por unha banda, propón rebaixar o número de firmas para presentar iniciativas lexislativas populares e, por outro, non apoia esta Iniciativa que conta cun apoio tan maioritario. Ademais argumenta unha cousa no Congreso distinta á que expón durante a campaña.

Por último, dixo que, aínda que esta ILP é bastante realista, calquera modificación que poida facerse, se hai marxe no Congreso, debe ser para melloralas.

Esta prestación debe configurarse como un novo dereito subxectivo vinculado



á Seguridade Social e está dirixida a persoas con dispoñibilidade para traballar que carecen de emprego e recursos económicos para si, e no seu caso para os familiares ao seu cargo. A contía estimada é de 426 euros, equivalente ao 80% do IPREM (contía que aumentaría en función dos compoñentes da unidade familiar) e debe durar mentres se manteñan as condicións que dean acceso á prestación. Calcúlase que os beneficiarios potenciais serían algo máis de 2 millóns de persoas (2.151.000) e tería un custo para a Estado na contorna dos 11.000 millóns de euros.

Ademais, débese financiar, vía impostos, a través dos Orzamentos Xerais do Estado, e sería incompatible con outras prestacións da Seguridade Social (salvo as familiares non contributivas) pero compatible coas de atención á dependencia, axudas á infancia, axudas de emerxencia social, ou calquera outra de natureza asistencial de calquera administración pública.

NON IMOS CHEGAR A NINGÚN ACORDO MENTRES NON SE REVISE A REFORMA DAS PENSÍONS DE 2013

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, Mari Carmen Barrera, afirmou que "non imos chegar a ningún acordo en materia de pensións que non conte coa revisión da reforma do Goberno de 2013, que vai recortar as pensións á metade nuns anos, vai agravar o déficit da Seguridade Social e vai alterar de maneira significativa o noso Estado de Benestar".

Mari Carmen Barrera realizou estas declaracións tras a segunda reunión da mesa de diálogo social sobre pensións, unha reunión "que volveu a ser decepcionante, xa que tan só comentáronse unha serie de datos sobre as bases máximas de cotización que o Goberno non tivo a deferenza de trasladarnos aos interlocutores sociais previamente, polo que non puidemos

sacar unha conclusión dos mesmos". Neste sentido, "pedímoslle ao Executivo que repita o debate cando nos envíe os datos que expuxo na reunión, xa que non puidemos ter unha opinión concluínte respecto diso ao descoñecer os papeis que se nos presentaban".

Mari Carmen Barrera sinalou que "é a segunda reunión na que reiteramos por escrito, previamente, e durante a mesma, que é necesario que se clarifique o obxectivo da mesa, que seguimos sen telo claro, xa que non sabemos se o Goberno só quere falar de financiamento, sen abordar o déficit por completo da Seguridade Social, ou se ten algunha proposta para asegurar a viabilidade do sistema, porque por segunda reunión consecutiva o Executivo non concretou ningún tipo de pro-

posta".

Por iso, insistiu en que o Sindicato non vai aceptar ningún acordo que non pase por revisar a reforma do 2013, "unha reforma que se saltou o consenso do Pacto de Toledo, que vai reverter o sistema de pensións que coñecemos ata agora e que vai supoñer un recorte presente e futuro das pensións. Con esta reforma, por cada dez anos de esperanza de vida de cada pensionista, van perder ata un 20% de poder adquisitivo da pensión. Hai que acordar medidas que palién o déficit da Seguridade Social e que se fale do poder adquisitivo das mesmas, xa que os pensionistas levan todo o mes de xaneiro perdendo xa diñeiro e non conseguimos unha resposta positiva do Executivo".

O IPC DEMOSTRA A NECESIDADE DE AUMENTAR SALARIOS E PENSÍONS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou, tras coñecer que o IPC interanual disparouse ata o 3% en xaneiro, que é necesario aumentar as rendas. "É -precisou- absolutamente insoportable que tanto os pensionistas como os traballadores deste país sigan perdendo poder adquisitivo".

Na súa intervención nunha asemblea de delegados tamén sinalou que "non é de recibo que un pensionista empece o ano sabendo que vai pagar entre 40 e 100 euros máis na factura da luz e siga perdendo poder de compra tras o aumento das pensións do Goberno do 0,25%. O Goberno mentiu aos nosos maiores e iso tense que corraxir".

Neste sentido, "non imos chegar a un acordo en materia de pensións co Goberno se non se derroga tanto o índice de revalorización como o factor de sustenta-

bilidade da reforma das pensións de 2013, porque non imos condenar aos traballadores a que en dez anos perdan o 20% de poder adquisitivo nas pensións ou que en 2050 perdan ata un 40%, como pretende o Goberno".

Pepe Álvarez tamén esixiu que aumente o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) ata os 1.000 euros a final da Lexislatura. "A subida pactada entre PP e PSOE parécenos absolutamente insuficiente. Deberían aumentar o SMI ata os 800 euros este ano e realizar un acordo para chegar ata os 1.000 euros ao final deste goberno".

Ademais, demandou á patronal que, con este dato de IPC, "e co que se coñeceu en decembro, está máis que demostrado que os salarios de-



ben subir entre un 1,8% e un 3% para que os traballadores non perdan poder adquisitivo".

"O que propoñen CEOE e Cepyme é absolutamente insuficiente e indignante, xa que condena aos traballadores para seguir perdendo poder de compra e a afundilos na pobreza". Por iso, esixiu unha subida de todas as rendas que compense a perda sufrida desde o ano 2010, fomentando o consumo, o investimento e o emprego estable e consiga aproximarnos á recuperación real para as familias do noso país.

É NECESARIO UN NOVO CONTRATO DE PROGRESO ECONÓMICO E SOCIAL PARA AS PERSOAS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, esixiu un novo Contrato Social "coa revisión completa das institucións e das políticas actuais, sincronizando todas cara ao mesmo obxectivo, lograr un maior grao de progreso económico e social para a maioría da poboación. Máis riqueza e unha mellor repartición da mesma".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións nun Foro da Cadea Ser onde demandou "novos consensos e novas políticas, un amplo proceso de diálogo social en todas as materias: educación, sanidade, pensións, protección social, negociación colectiva, fiscalidade ou igualdade. Ata agora, a oferta de diálogo do Goberno é moi insuficiente e limítase a unhas cantas materias das que, excepto unha, non se puxeron en marcha. Esta non é a axenda reformista que necesita España".

E é que, a pesar de que a economía se está recuperando, "a crise continúa e agravouse porque así o perciben millóns de persoas ás que non chegou a melloría das cifras macroeconómicas debido á ineficacia e a inxustiza das políticas impostas por este Goberno, que provocaron unha ruptura social moi traumática e romperon a ilusión e as expectativas dos cidadáns. Está a ser unha saída da crise machista e precaria que non ten en consideración aos mozos".

Pepe Álvarez sinala que o emprego que se crea é temporal e precario, o paro de longa duración "estase enquistando, xa que 2,4 millóns de persoas levan buscando emprego máis dun ano; de cada 100 contratos que se asinan, só 9 son indefinidos; e a cuarta parte dos contratos temporais que se rexistran son inferiores a 7 días".

Ademais, "a prestación por desemprego caeu 25 puntos no últimos sete anos e só reciben unha prestación o 55% dos parados rexistrados nos servizos públicos de emprego; máis de 2,4 millóns de persoas en España cobran pensións inferiores a 700 euros ao mes; reduciuse a cobertura sanitaria universal e exponse estender os copagos; e non se implementa unha reforma fiscal xusta e equitativa, que acabe coa fraude, xerando maior desigualdade e aumentando os niveis de pobreza e exclusión social".

"Esta situación non é sustentable nin xusta", considerou. "Desde UGT non imos participar nesta dinámica e imos traballar para cambiala".

En primeiro lugar, o secretario xeral de UGT esixiu que hai que "recompoñer a sociedade rescatando ás persoas. Esa debe ser a prioridade número uno, a recuperación de dereitos. E, para iso, os partidos políticos deben asumir as "20 Actuacións Urxentes polo Progreso e o Benestar Social" coas que se compro-

meteron coas organizacións sindicais".

Neste sentido, avogou por "un Plan Estratéxico pola Industria, que poña o acento no investimento, a innovación e a tecnoloxía; derrogar as reformas laborais de 2010 e 2012, que son un pozo sen fondo da precariedade; reforzar a negociación colectiva para aumentar os dereitos dos traballadores e a produtividade das empresas; implementar unha prestación de ingresos mínimos para as persoas sen recursos; ou revalorizar as pensións e asegurar a viabilidade do sistema de Seguridade Social, xa que non imos chegar a un acordo que non revise a reforma de 2013", entre outras cuestións.

"Construír unha senda de progreso de medio e longo prazo para conformar un proxecto de país duradeiro e sustentable, que se asente sobre consensos básicos e asegurar así un rumbo estable ao noso país cara ao progreso de maneira colectiva", manifestou.

Todo iso a través do diálogo e a concertación. "Das grandes crises saíse con grandes consensos sociais", afirmou. "UGT vai compatibilizar o diálogo coa mobilización, porque as persoas esixen que este cambio de políticas se produza con celeridade. Imos acelerar todos os cambios que necesita o país e que reclaman as persoas para construír un novo contrato social de progreso e asegurar así o Estado de Benestar".

O SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL SEN DIÁLOGO SOCIAL SEGUIRÁ FRACASANDO

Redacción.- UGT e CCOO esixen ao Goberno que cumpra o seu compromiso e abra a mesa de diálogo social con obxecto de acordar as medidas necesarias para facer do Plan de Garantía Xuvenil un proxecto eficaz que xere empregos de calidade para os menores de 30 anos.

Para ambas organizacións, a ampliación do programa que se validou no Congreso dos Deputados é insuficiente e non parte dunha análise adecuada que permita avaliar os resultados obtidos ata agora. Sen a información cuantitativa e cualitativa apropiada calquera iniciativa que se tome non será máis que un parche aplicado a cegas.

As medidas para a ampliación do plan discutidas o pasado mes de decembro foron adoptadas co compromiso por parte do Goberno de abrir unha mesa de negociación, no marco do Diálogo Social, para

mellorar o sistema.

CCOO e UGT instan ó Goberno a cumprir co compromiso adquirido e reclaman a apertura inmediata da mesa de negociación.

Ambos os sindicatos xa advertiron que, a pesar de que o plan conta con algunhas medidas positivas, estas por si soas serán inútiles se o Goberno segue concentrando os seus esforzos en maquillar datos de emprego xuvenil en lugar de implicarse plenamente en proporcionar á mocidade unha solución para combater os niveis de exclusión social aos que as súas políticas os están a condenar.



Por iso, UGT e CCOO consideran imprescindible que a Executivo abra xa a mesa de diálogo social e acorde este Plan cos interlocutores sociais. Se o Goberno retornase á senda da unilateralidade, seguiría sen facer unha política eficaz de emprego xuvenil e condenaría aos e as mozas a un mercado de traballo precario, temporal, con salarios de miseria e con maiores niveis de desigualdade e pobreza, hipotecando ás futuras xeracións.

A LEI DE CONTRATOS PÚBLICOS DEBE SER UNHA FERRAMENTA CONTRA A PRECARIIDADE LABORAL

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores mantivo reunións cos diferentes grupos parlamentarios a iniciativa do sector de seguridade privada da Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo (FeSMC-UGT) e da Federación de Servizos Públicos de UGT (FeSP-UGT) para abordar a situación e o contido do proxecto de Lei de Contratos do Sector Público.

O sindicato considera fundamental establecer unha norma de contratación no sector público que promova unha mellora das condicións sociais, laborais e ambientais que teñan o seu fundamento no interese xeral.

Trátase de garantir unhas condicións laborais dignas, que inclúan a estabilidade no emprego, a promoción da igualdade de oportunidades, a mellora da seguridade e a saúde laboral, que favoreza a formación, contribúa á inserción laboral dos convenios máis desfavorecidos, así como, asegurar unhas condicións ambientais adecuadas.

Neste sentido, UGT subliña que a Lei deberá impedir a contratación de empresas que empeoren as condicións de traballo dos empregados ou que teñan sentenzas firmes por discriminación por razón de xénero, incumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais ou incumprimento de convenios colectivos ou outras normas la-



borais.

O sindicato advirte de que non está de acordo coa externalización e privatización do servizo público e que a contratación pública debe ter, en todo caso, carácter excepcional, quedando acreditado que a propia Administración non pode desenvolver o obxectivo do contrato cos seus propios medios e que este feito non é consecuencia da redución de persoal. Así, avoga por detallar na normativa aqueles servizos públicos que non poderán ser externalizados ou privatizados.

Ademais, UGT defende establecer medidas que aseguren a eliminación das prácticas de corrupción como, por exemplo, dar información obrigatoria sobre a propiedade real das empresas que acoden ás licitacións, dar o máximo nivel de publicidade en todos os pasos da contratación pública ou establecer de maneira regrada e expresa os supostos de prohibicións para formar parte dos órganos de contratación para eliminar os conflitos de interese.



CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS DOS TRABALLADORES DO REAL AERO CLUB

Redacción.- Dende FeSMC informan que, ante a falta de certidume sobre o futuro do Real Aero Club de Vigo e, polo tanto, sobre a continuidade dos postos de traballo, as mobilizacións continúan.

Esta semana, o martes, tivo lugar unha concentración fronte á sede consistorial da cidade olívica.

Alí, de novo, os traballadores denunciaron a incertidume sobre o seu futuro e o mantemento dos seus postos de traballo.

De novo, instaron ás partes negociadoras a actuar con responsabilidade e pechar un acordo xa que garanta o futuro das instalacións.

O FMI RECUPERA RECEITAS ULTRALIBERAIS QUE SE DEMOSTRARON FRACASADAS

Redacción.- UGT considera que o Fondo Monetario Internacional recupera o seu discurso máis ultraliberal no seu informe final sobre a economía española e volve sobre as mesmas receitas e unha política económica que se demostrou fracasada durante a crise e que xerará máis desequilibrios fiscais, máis precariedade laboral e máis inxustiza e desigualdade social, propoñendo medidas que prexudicarán o progreso económico e social de España.

UGT xa mostrou a súa decepción coas conclusións preliminares do FMI sobre España, presentadas en decembro, pois o organismo internacional, cun marcado rumbo ideolóxico, mostrábase a favor de políticas desreguladoras e de corte regresivo, ignorando as súas propias consideracións do mes de outubro de 2016, nas que resaltara o aumento das desigualdades polas políticas aplicadas polo Goberno.

O FMI recoñece que o crecemento económico en España (que xa se retardou dúas décimas respecto ao trimestre anterior, segundo o dato do PIB avanzado polo INE) débese, entre outros, a factores externos como a diminución do prezo do petróleo e dos tipos de interese, en combinación cun euro máis débil. Ademais, destaca a chegada ao crecemento dunha fiscalidade máis relaxada.

Por outra banda, fía boa parte do crecemento futuro a unha maior demanda externa, obviando a actual situación de incerteza da economía mundial (a chegada do presidente Trump á Casa Branca e as súas anunciadas medidas proteccionistas) ou a recuperación dos prezos do petróleo, entre outros.

Así mesmo, destaca que as sucesivas reformas estruturais explican a metade do impacto do crecemento total. Entón, se xa saímos da crise porque como di o FMI España segue ca súa "impresionante recuperación", chegou o momento de finiquitar estas reformas e repartir os beneficios desa recuperación e recuperar os salarios como elemento clave para apontoar esa recuperación. E non de insistir en que sigan sendo os mesmos, os traballadores e traballadoras deste país, os que se acheguen ao crecemento sacrificando os seus salarios, as súas pensións e a súa calidade de vida.

Tal e como argumentou UGT aos analistas do FMI durante a súa visita, o nivel de vida en España caeu notablemente durante a crise e aumentou a desigualdade de ingresos e o número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social. O propio organismo internacional recoñeceu que o nú-

mero de persoas en risco de pobreza ou de exclusión aumentou en máis do 23 por cento entre 2007 e 2015 en España e vinculou esta situación ao desemprego, a dualidade do mercado laboral, os baixos salarios e a temporalidade, entre outros factores. Por tanto, desde UGT non podemos aceptar as recomendacións que realiza agora o FMI de seguir profundando en reformas, que foron prexudiciais para a economía española e han empobrecido á maioría da poboación, especialmente ás rendas máis baixas.

Incoherencia en política fiscal

En materia de política fiscal, o FMI insiste en continuar con axustes orzamentarios, como os implementados entre 2010 e 2013, a pesar de que non lograron reducir o déficit ao ritmo exposto (os compromisos coa Comisión incumpríronse todos os anos do período) e que foron os causantes do aumento dos niveis de pobreza e desigualdade e do paulatino desmantelamento dos servizos públicos esenciais.

Como aspectos positivos apunta á necesidade de racionalizar os incentivos á contratación e mellorar a efectividade das políticas activas de emprego, así como a necesidade de aumentar os ingresos fiscais, algo que vimos reclamando desde UGT, porque só con máis ingresos será posible consolidar as contas públicas e fortalecer simultaneamente o Estado de Benestar.

É incoherente que recomende elevar a recadación e, ao mesmo tempo, defender que o Imposto de Sociedades e o IRPF tributen menos, da mesma forma que alerta sobre o incremento da desigualdade e a pobreza e receita o aumento do IVE, un imposto que todo o mundo paga en idéntica proporción independentemente do seu nivel de renda. Por tanto, UGT oponse a esta formulación, e considera necesaria unha reforma fiscal integral, despois dun amplo debate social, co obxectivo de aumentar ingresos e capacidade de redistribución, desde a xustiza social.

Preocupantes receitas laborais

En materia laboral, as liñas de actuación que expón o documento do Fondo son moi preocupantes. Insiste en profundar nas re-



formas do mercado de traballo dos últimos anos, cuxo impacto foi moi negativo. O mercado de traballo é cada vez máis fráxil, os traballadores máis pobres, por mor da desvalorización salarial e o traballo máis volátil (o emprego cada vez é máis precario e temporal, hai máis contratos a tempo parcial involuntario e indefinidos con menos garantías legais).

As sucesivas reformas laborais fixeron do noso mercado de traballo uno dos máis desregulados e precarizados de Europa e dos que outorgan maior capacidade ás empresas para dispoñer unilateralmente das condicións laborais fundamentais, incluído o salario.

O FMI realiza unha análise tamén afastada da realidade no referente á negociación colectiva, xa que parte da base de que as reformas laborais non lle afectaron. Fíxoo de cheo ao contido dos acordos, xa que rompeu o equilibrio nas relacións laborais e os empresarios teñen máis potestade para decidir sobre as condicións de traballo. Con todo, demostrouse que a perda de emprego foi máis intensa entre os traballadores non cubertos pola negociación colectiva.

As conclusións finais do FMI, por tanto, resultan moi decepcionantes, xa que recuperan o discurso ultraliberal que caracteriza as súas posicións, polo que UGT mostra o seu rexeitamento ás receitas que recolle, porque van en sentido contrario do que necesita a nosa economía e só xerarán máis desequilibrios fiscais, máis precariedade laboral e máis inxustiza e desigualdade social. A través delas queda patente a boa relación que existe entre esta Institución e o Goberno, na medida en que apoia as súas políticas. O sindicato lembra que, de aplicarse estas medidas, acabarán coa paz laboral neste país e a Unión Xeral de Traballadores non o vai a permitir.

Hoxe do que se trata é de construír un novo contrato social que recupere os dereitos laborais e sociais dos traballadores e as traballadoras, e dos cidadáns, en xeral.